

# Dereitos e liberdades na Galiza

## RESUMO DE NOTÍCIAS

4º trimestre 2013

---



01/10/2013

SOBRE RESTRICIÓN DEREITO DE REUNIÓN E MANIFESTACIÓN

### **Entrevista de EsCULcA co Delegado do Goberno español**

EsCULcA solicitou unha entrevista co Delegado do Goberno, Sr. Juárez, que finalmente tivo lugar o pasado 27 de setembro. O obxectivo do noso observatorio era entregar os últimos relatorios sobre actuacións policiais e trasladar ao goberno español a nosa preocupación polas graves restricións que sofre na Galiza o exercicio do dereito de reunión e manifestación.

<http://esculca.net/web/node/3820#.Ur8NVPulq70>



05/10/2013

NAIS CONTRA A IMPUNIDADE

### **Concentración en Arteixo pola morte de Diego Viña**

O colectivo Nais contra a impunidade comunica que, como en anos anteriores, o próximo 12 de outubro terá lugar en Arteixo a partir das 12:00, no paseo do Balneario, unha concentración de familiares e amigos para render homenaxe a Deigo Viña Castro e pedir o esclarecemento das circunstancias en que se produciu a súa morte hai agora 9 anos.

<http://esculca.net/web/node/3828#.Ur8NLfulq70>



25/10/2013

NA NOITE PRÉVIA À GREVE GERAL NO ENSINO

### **Agentes retêhem estudantes e requisam bandeiras**

Diário Liberdade informa que na "madrugada prévia ao dia de greve, dous militantes de AGIR na Corunha fôrom retidos durante meia hora à beira do portal da morada dum deles" sem que conste motivo algum que justifique esta atuação policial. Os agentes procederom a umha inspeçom do veículo propriedade dos moços e requisarom diverso material.

<http://escolca.net/web/node/3850#.Ur8M7vulq70>



26/10/2013

A DUAS MOZAS DE 15 E 17 ANOS

### **800 euros de multa por dicir: "Vergoña me daría ser policía"**

Aconteceu na Coruña ao rematar a manifestación da plataforma galega contra a LOMCE. As dúas mozas terán que pagar por dicir "Vergoña me daría ser policía", o que a policía española entende como "unha falta de respecto aos axentes e provocación para o resto de manifestantes secundaren os insultos". Porén, o protesto fora xa disolvido cando se produciron os feitos.

<http://escolca.net/web/node/3852#.Ur8MzPulq70>



28/10/2013

SOLICITAN APOIO SOLIDARIO

### **Folga de fame por abusos no interior do cárcere de Teixeira**

S.R.B., preso no CP Teixeira, comezou o 20 de outubro unha folga de fame, despois de enviar sen resultado escritos a diferentes institucións estatais e supraestatais. O interno denuncia abusos a que é sometido no interior do cárcere e solicita apoio mediante o envío de faxes ao penal e o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria os días 28 e 29 de outubro.

<http://escolca.net/web/node/3857#.Ur8Movulq70>



02/11/2013

POR EXHIBIREN FOTOS DE PERSOAS EN PRISIÓN PREVENTIVA

### **Máis 4 persoas imputadas por "enaltecermento do terrorismo"**

Estas catro persoas terían participado en maio na Coruña nunha concentración portando fotos de independentistas presos que, na altura, non foran xulgados nin`portanto condenados. Xa son perto 26 as persoas imputadas por un delito de "enaltecermento" por exhibir fotografías de persoas en prisión preventiva a pesar da difícil fundamentación xurídica desa imputación.

<http://esculca.net/web/node/3864#.Ur8MdfuIq70>



08/11/2013

POR USO DE FORZA "DESMEDIDA" NUN ARRESTO

### **Condenado axente da policía local de Lugo**

Un xente de Lugo terá de pagar unha multa de 120 euros por unha falta de imprudencia. A Audiencia Provincial considera probado que utilizou forza "desmedida" durante o arresto dun home que estaba a armar briga nun bar. Segundo a AP, o axente "extraliminouse nas súas funcións", chegando a dirixirse ao detido con frase como: "Se teño que pisarche a cabeza, písoscha".

<http://esculca.net/web/node/3873#.Ur8MRvulq70>



09/11/2013

POR PROTESTA PACÍFICA EN ACTO DE BEATRIZ MATO

### **Denuncian empurróns, retencións e denuncias da Garda Civil**

O Secretario Xeral de Galiza Nova, Alberte Mera denunciou que máis de 20 militantes da organización xuvenil foron denunciados e retidos "por reivindicarmos emprego digno diante da conselleira de Traballo, Beatriz Mato, nun escracho pacífico", durante a súa intervención nun acto no Palacio de Congresos da Coruña, na tarde do xoves.

[http://esculca.net/web/node/3877#.Ur8MH\\_ulq70](http://esculca.net/web/node/3877#.Ur8MH_ulq70)



13/11/2013

NA MANIFESTACIÓN DO 25 DE ABRIL EN OURENSE

### **Arquivadas dilixencias por exhibición de fotografías de persoas presas**

O Xulgado de Instrución num. 2 da Audiencia Nacional ditou o pasado 8 de novembro auto polo que se declara o arquivo na causa aberta contra dúas persoas de Ourense ás que se abran dilixencias por exhibiren nunha manifestación celerada o 25 de abril deste ano fotografías de persoas de persoas imputadas por alegados delitos de terrorismo.

<http://esculca.net/web/node/3882#.Ur8L6fulq70>



20/11/2013

SENTENZA "MOI CLARA"

### **O concello da Coruña vulnera dereito à información**

En sentenza que o propio edil califica de "moi clara", o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña recoñece que o goberno de Carlos Negreira vulnerou os dereitos fundamentais de Xosé Manuel Carril ao lle negaren acceso ás auditorías de Nostián. O edil advirte que se a equipa municipal non muda de actitude, serán demandad@s pola vía do penal.

<http://esculca.net/web/node/3892#.Ur8Lpvulq70>




24/11/2013

"UN ACTO DE COMPLETA INEPTITUDE"

### **Sindicato policial denuncia actuación do responsábel da carga de Vigo**

“Os policía@s víronse abocados a cumprir unhas ordes incoherentes e imprecisas, cando non inexistentes, que emanaban dun responsable do dispositivo que, chegado o momento dos disturbios, eludiu toda responsabilidade, abandonando os seus homes á súa sorte”, así xustifica o comité galego da CEP violenta carga policial contra a manifestación estudiantil do pasado día 20 en Vigo

<http://esculca.net/web/node/3896#.Ur8Lffulq70>

 26/11/2013

DÚAS PERSOAS DETIDAS, VARIAS FERIDAS E NUMEROSAS IDENTIFICACIÓNS

**Seguidores do Dépor espancados pola policía en Ponferrada**

Dous detidos, varios feridos, seareiros deportivistas identificados e sob ameaza de sancións económicas... estes son algúns dos resultados das cargas dos antidisturbios contra seareiros do Deportivo ao final do encontro en Ponferrada entre a equipa coruñesa e a berciana, segundo relatan testemuñas presenciais que mostran sorpresa e indignación polo acontecido.

<http://esculca.net/web/node/3900#.Ur8LVPulq70> 27/11/2013

A PRISIÓN PREVENTIVA PROLONGADA É INXUSTA

**Amnistía Internacional sobre a situación de persoas galegas presas**

Amnistía Internacional (AI) acaba de pronunciarse sobre a situación das persoas galegas presas en prisión preventiva en resposta a unha pregunta realizada polo Partido da Terra. "Só podemos dicir que a nosa organización expresou ao Ministerio da Xustiza en diversas ocasións a súa preocupación sobre a demora da administración de xustiza"

<http://esculca.net/web/node/3902#.Ur8LM ulq70> 18/12/2013

INICIATIVAS PARLAMENTARES SOBRE A SITUACIÓN DAS PERSOAS PRESAS

**Servizos médicos e afastamento territorial**

Con data 2 de decembro, a deputada Montse Prado apresentou varias iniciativas no Parlamento Galego relativas aos servizos médicos nos cárceres ubicados na Galiza (pendentes de seren transferidos ao Servizo Galego de Saúde como estipula a lei) e á situación das persoas galegas presas obrigadas a cumprir condena en centros situados lonxe do seu lugar de residencia.

<http://esculca.net/web/node/3929#.Ur8Kvvulq70>



26/12/2013

CONFIRMADA MULTA A QUEREMOS GALEGO POR PINTADAS APARECIDAS APÓS MANIFESTACIÓN

### **Sen mais proba que a opinión dun axente**

A Delegación do Goberno rexeita probas e testemuñas achegadas pola plataforma e continúa facéndoa responsábel das pintadas aparecidas despois da manifestación do 17 de maio. Segundo o escrito da Delegación de Goberno, un policía que se paseou polas rúas de Santiago antes da mobilización non viu as pintadas que si estaban ao remate da marcha.

<http://www.esculca.net/web/node/3936#.Ur8JSPulq70>



29/12/2013

MIGRANTE ARMENIA EN OURENSE

### **Denuncia agresión sexual e recibe orde de expulsión**

Meses despois de denunciar ter sido vítima de agresión sexual no xulgado de garda de Ourense e ver como se arquivaba a denuncia sen que fose practicada dilixencia alguna ao tempo que era imputada por simulación de delito, V.R., natural de Armenia, foi internada no CIE de Madrid durante 50 días e mais tarde conducida a comisaria onde lle notificaron orde de expulsión.

<http://esculca.net/web/node/3942#.UshGkfulq70>



31/12/2013

NOVO ARQUIVO DE DILIXENCIAS CONTRA FUNCIONARIOS DE TEIXEIRO

### **Denunciados por malos tratos a internos no penal**

30/12/2013

O pasado mes de novembro, o Xulgado de Instrución núm. 2 de Betanzos ditou o arquivo provisorio das dilixencias abertas a raíz da querela de ESCULCA contra funcionarios do cárcere de Teixeira por malos tratos contra dous internos no penal. Contra esta resolución o observatorio presentou recurso de reforma por entender que non se practicaron as dilixencias que permitirían esclarecer os feitos.

[http://esculca.net/web/node/3944#.UshPC\\_ulq70](http://esculca.net/web/node/3944#.UshPC_ulq70)



31/12/2013

CONCELLEIRA COMPOSTELÁ PROTAGONIZA ACTO RELIXIOSO

**Rogativas a apóstolo católico**

Facendo caso omiso da obriga constitucional de non participar en actos relixiosos na súa condición de representante institucional, a concelleira compostelá Reyes Leis actuou como delegada rexia na cerimonia coñecida como a Traslación do Apóstolo, celebrada na catedral católica de Compostela o pasado día 30 de decembro.

[http://esculca.net/web/node/3946#.Usb00\\_ulq70](http://esculca.net/web/node/3946#.Usb00_ulq70)

---

Galiza, 04/01/2014